

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE AGOSTO DE 2025

PRESIDENTA:

D^a Diana Piñeiro Fernández

ASISTENTES:

D. Rubén Vázquez Pérez
D^a Patricia Esther Espiñeira Galán
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez
D. Raúl Varela Fraguio
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA ACCIDENTAL:

D.^a Ana María Portela Torrón

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. Fernando Manuel Garrido
Negreira

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as dez horas do día doce de agosto do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D^a. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D.^a Ana María Portela Torrón, e actúa como secretario o secretario accidental do Concello, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE AGOSTO DE 2025

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria do día 5 de agosto de 2025, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométense a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobadas as actas da sesión ordinaria do día 5 agosto de 2025.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, o secretario accidental dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Axencia Instituto Enerxético de Galicia, Resolución de 31 de xullo de 2025, pola que se amplía e se redistribúe o crédito presupostario establecido na Resolución de 28 de outubro de 2021, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de

incentivos 4 e 5 vinculados ao autoconsumo e o almacenamento no sector residencial, administracións públicas e terceiro sector, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (códigos de procedemento IN422J e IN422K). DOG número 151, de 08-08-2025.

- Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, Resolución de 7 de agosto de 2025, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais. BOE 09-08-2025.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 31 de xullo ao 7 de agosto de 2025, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 736/2025 e rematan coa resolución do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico núm. 754/2025, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
736/2025	01-08-2025	Expedientes sancionadores de tráfico
737/2025	01-08-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 5 de agosto de 2025
738/2025	01-08-2025	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros de camiños, canais e portos interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
739/2025	01-08-2025	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos industriais interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan. Aprobar as bases reguladoras desta convocatoria
740/2025	01-08-2025	Asignar o número 7 C á edificación situada no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, isto de acordo coa Resolución do 20 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón municipal, punto 14.5 Numeración de edificios
741/2025	01-08-2025	Aprobar o aboamento da nómina correspondente ao finiquito de xuño de 2025 de ASS cun total de retribucións brutas 1.000,19 euros
742/2025	01-08-2025	Aprobar e dispor o gasto, así como o recoñecemento e liquidación de obrigas por importe de 162,92 euros, en concepto de resto de principal do procedemento abreviado 215/2023, e a ordenación do pagamento da devandita cantidade e realización do pago mediante transferencia beneficiario: Xulgado do Contencioso-Administrativo nº

		1 da Coruña
743/2025	01-08-2025	Aprobar os gastos por un importe total de 281,52 euros. Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos gastos
744/2025	05-08-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento as persoas nas datas entre o 1 e o 31 de xullo de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
745/2025	05-08-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 31 de xullo de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
746/2025	05-08-2025	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, inscrición indebida, duplicidade, caducidade e falecemento nas datas entre o 1 e o 30 de xuño de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
747/2025	05-08-2025	Dar de alta no Padrón municipal de habitantes de Cambre por cambio de residencia e nacemento, autorizar os cambios de domicilio e modificacións de datos persoais, renovar a inscrición no Padrón municipal de habitantes dos estranxeiros non comunitarios e confirmar a residencia dos cidadáns dos estados membros da Unión Europea, doutros estados pertencentes ao Acordo sobre o Espazo Económico Europeo ou doutros estados co mesmo réxime xurídico que os anteriores en virtude de convenio internacional, de todas as persoas nas datas comprendidas entre o 1 e o 30 de xuño de 2025; isto de conformidade co establecido no artigo 70 do Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
748/2025	05-08-2025	Determinación de cargos da Corporación a desempeñar en réxime de dedicación exclusiva
749/2025	05-08-2025	Nomear a LPV técnica de xestión de Administración xeral interina, encadrada na escala de Administración xeral, Subescala de xestión, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-2" para a cobertura do posto vacante de técnico de xestión de Administración xeral, de conformidade co art. 23.2 a) da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia

750/2025	06-08-2025	Convocar proceso selectivo para a elaboración dunha relación de candidatos para nomeamentos de enxeñeiros técnicos de obras públicas interinos cando se dean as circunstancias que legalmente o permitan
751/2025	06-08-2025	Adxudicar, mediante tramitación de emerxencia, o contrato do servizo de reparación da bomba b2 da EBAR de San Lourenzo, ao licitador Tecnomak Sistemas y Fluidos, S.L. no prezo de 1664,20 euros sen IVE (2013,68 IVE incluído) dada a imperiosa urxencia en contar con ese servizo.
752/2025	06-08-2025	Concesión de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de aboamento ostente a condición de familia numerosa (2º trimestre 2025)
753/2025	07-08-2025	Advertido un erro na resolución núm. 575/2025 desta Alcaldía, do día 12 de xuño de 2025, por obras de reforma de alpendre sito en Fonte da Vila, 2, Santa Maria de Vigo, Cambre sen título habilitante, procédese a súa emenda, de acordo co disposto no apartado 2 do artigo 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
754/2025	07-08-2025	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 7/2025 por importe de 121.357,52 euros

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulou ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as dez horas e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira